

## NOF

### ***As seguintes normas están extraídas do noso Plan de Convivencia de centro***

#### **NORMAS DE CONVIVENCIA**

*Entendemos as normas como un recurso que facilita a convivencia entre todos os membros da comunidade educativa, e que garanten os dereitos de todos, polo que consideramos necesario e valioso a súa aceptación e cumprimento.*

- I.- A escolarización neste Centro Marista leva consigo a aceptación dos principios educativos do Ideario.
- II.- As presentes normas son de obrigado cumprimento tanto no recinto escolar como en actividades complementarias e extraescolares organizadas polo centro inda que se realicen fóra do recinto escolar.

As normas que regulan a convivencia no centro refírense a:

- ✓ *Entradas e saídas de clase. Ausencias e atrasos..*
- ✓ *Vestuario.*
- ✓ *Hábitos: Limpeza e orde. Uso e coidado do material. Uso do baño. Comidas*
- ✓ *Comunicación: quendas de palabra, escoita activa*
- ✓ *Obxectos que traen de casa: Móbil. Xoguetes electrónicos. Diñeiro*
- ✓ *Accións prexudiciais para a saúde: - Tabaco. Alcol. Outras drogas*
- ✓ *Respecto, disciplina - Desobedecer ao profesor/a. Incumplimento de sancións. Alcumes. Insultos. Pelexas. Discusións. Agresións físicas ou morais. Malos tratos. Acoso.*

#### ***Entradas e saídas, ausencias e atrasos***

1. A puntualidade será unha norma do noso traballo. Todos os alumnos deben estar puntualmente na clase ó comezar os “Bos días” (momento inicial da xornada) e ás horas correspondentes despois de cada recreo ou entrada da tarde. Os nenos de Primaria forman filas no patio antes da subida á súa clase. Os atrasos deben estar xustificadas.
2. Por motivos de seguridade non se permitirá a presenza de familiares ou acompañantes en corredores e aulas da E. Primaria e ESO, salvo autorización previa da Dirección ou Xefaturas de Estudos. Os alumnos de Primaria acudirán cos seus profesores ata as súas clases; os seus pais ou acompañantes (ordinariamente) deixaranos e recolleranos no patio.
3. Evitaranse calquera tipo de entrevistas non concertadas no patio para que os profesores poidan estar atendendo aos seus alumnos. Para avisos e comunicacións breves

dispoñemos da posibilidade de comunicados dixitais ou ben a través da axenda escolar da que dispoñen todos os nosos alumnos, dispensada polo colexio.

4. Os balóns deben ir collidos cando esteamos nas filas ou dentro do edificio. Por motivos de seguridade, non se poderá xogar ó fútbol no patio cuberto. Os días de chuvia non se baixan os balóns ó recreo. Así mesmo, non se permite o uso de monopatíns, patíns, bicicletas nos patios do colexio, salvo uso específico na materia de educación física ou en actividades extraescolares deportivas.
5. Toda ausencia ou retraso debe ser xustificada por escrito, polos pais, a ser posible con antelación, e se non é posible, no momento de incorporarse á clase. No xustificante consignaranse a data, as horas de falta de asistencia e o motivo e a sinatura do responsable legal do alumno/a. O modelo a cubrir facilítaselle ás familias en formato dixital ou papel.
6. Son faltas xustificables aquelas que por motivos médicos, legais ou familiares graves sexan a causa da non asistencia á clase. O resto das situacións consideraranse coma faltas no xustificables.
7. Cando un alumno precise saír traerá una petición por escrito dos seus pais ou titores legais, co motivo, data e tempo previsto de ausencia que deberá presentar ó titor para que a asine. Unha vez asinada, os alumnos entregarán a autorización na portería ao saíren.
8. No intercambio de clases os alumnos deben permanecer nas súas respectivas aulas: Non se pode saír da aula sen permiso dos profesores.
9. Non se poderá subir ás clases antes de que soe a música, nin se permanecerá nas mesmas ou nos corredores durante os tempos de lecer, agás que estea un profesor. Como normal xeral non se empregará o recreo para castigos na clase.

### **Vestuario**

10. Por respecto e educación asistiremos ao colexio aseados e cunha vestimenta axeitada as actividades propias dun centro escolar. Os alumnos evitarán mostrar a roupa interior, e, así mesmo, levar roupa excesivamente curta e explícita.
11. Nas clases non se permite o uso de roupa e calzado propio da competición deportiva (equipacións de equipos,...).
12. Na actividades ordinarias do colexio non se permite roupa pensada para a praia, bañadores, chanclas, camisetas sen mangas. E tampouco o acceso ao colexio con gorra, gafas de sol, nin complementos deste estilo.

**Hábitos: Limpeza e orde. Uso e coidado do material. Uso do baño. Comidas**

13. O titor e os profesores de cada aula encargaranse de manter a orde, coidar a limpeza e manter un ambiente acolledor no lugar habitual de traballo. Os pupitres deben quedar ordenados, tamén as cousas dentro deles. Deben facilitar o traballo do servizo de limpeza mantendo as mesas limpas e evitando que queden papeis tirados polo chan. E mesmo tamén para o posible uso da aula en actividades extraescolares.
14. O material e instalacións do centro debe coidarse facendo bo uso del. A deterioración ou rotura por uso negligente deste ocasionará a reparación e/ou reposición inmediata deste por conta do interesado. Do mesmo modo respectamos as pertenzas dos compañeiros.
15. A axenda é un instrumento útil e valioso que proporciona o centro, a todos os alumnos a partir de 1º de Primaria, para a organización persoal (anotando tarefas, controis, incidencias... ) e como instrumento de comunicación coas familias (observacións bidireccionais pais - profesores, concertación de entrevistas,... ). Se algún alumno a extravía ou estraga debe adquirir unha en administración.
16. Durante a clase, e nos cambios de clase non poderán saír ó baño agás situacións moi específicas, e autorización expresa dos profesores. Debemos recordarlle ós alumnos e alumnas que teñen que ir ó baño antes de entrar na clase e durante os recreos.
17. Ordinariamente non se pode comer nas aulas, nin nos corredoiros.
18. No colexio non podemos administrar medicamentos. Excepcionalmente, colaboramos coas familias neste senso, sempre e cando os pais entregan a correspondente autorización , asinada, e baixo supervisión médica.
19. No uso do comedor os alumnos gardan as debidas medidas de respecto e boa educación na mesa, a comida que se lles serve deben consumila na súa totalidade. Ata 2º de Primaria os alumnos serán axudados polo persoal de dito servizo.

**Comunicación**

20. É desexable un comunicación fluída entre o centro e as familias. Realizarase de varias formas posibles:

Colectivas:

- Circulares
- Páxina web (noticias) e redes sociais (Facebook e Twitter)
- Plataforma dixital (comunicados e anuncios)
- Taboleiros de anuncios do colexio.

Persoais:

- Plataforma dixital (comunicados e solicitudes de entrevista)
- Axenda Escolar
- Telefónicamente.

**Obxectos que traen de casa: Móbil. Xoguetes electrónicos. Diñeiro**

21. Está prohibido o uso do móbil durante o horario lectivo e unha vez traspasado o portón de entrada e a porta principal de saída, salvo para actividades formativas que deben contar coa autorización expresa do profesor e sempre baixo a súa supervisión. Durante o tempo de comedor e posterior recreo estará vixente a mesma norma.
22. Os alumnos que traian o móbil ao centro deberán mantelo apagado. En ningún caso o centro se responsabiliza da súa perda ou furto, correspondendo a cada alumno a súa garda e custodia.
23. Durante o horario escolar o móbil é de uso exclusivamente académico e, polo tanto non se pode ver ou facer fotos, entrar en portais non educativos, chatear, facer descargas, utilizar redes sociais, etc... A utilización de imaxes de profesores e compañeiros sen a debida autorización é un delito tipificado e penado pola lei.
24. Así mesmo, o profesor que se atope na aula poderá supervisar, comprobar e corrixir as actividades que se estean levando a cabo e o contido das mesmas, asegurando que o uso do móbil está sendo o axeitado e que están abertas só as aplicacións que se precisan para esa actividade educativa.
25. Está prohibido baixar o móbil á clase de EF para evitar que saquen fotos nos vestiarios aos que non poden acceder os profesores da materia.
26. Cada profesor determina o uso do móbil no seu tempo de clase en función do seu criterio, configuración do grupo e contido que traballe en cada momento. Ao rematar a clase o profesor encargárase de que todos os alumnos garden o dispositivo e os auriculares.
27. É recomendable ofrecer outras alternativas á escoita individual de música: o profesor pon música para todo o grupo (evitamos aínda máis o seu illamento, o uso de auriculares nocivos para a súa saúde, educámoslos musicalmente...). No caso de permitirlle escoitar individualmente, os alumnos deben poñer o móbil enriba da mesa e boca abaixo.
28. Durante as saídas complementarias sen pernocta non se permitirá o uso do móbil xa que están incluídas dentro do horario lectivo. O obxectivo é favorecer a convivencia entre os alumnos. Os profesores acompañantes serán os encargados de sacar as fotos da actividade. Durante as saídas complementarias con pernocta o seu uso será regulado para cada unha delas polo profesorado encargado das mesmas.
29. No caso de que un alumno incumpra a norma sobre o uso do móbil, o profesorado está facultado para retirar temporalmente o móbil. O profesor enviará unha incidencia pedagóxica en LC informando á familia e ao titor correspondente e retirárase o mesmo, solicitando que retire a súa tarxeta e, no seu defecto, que o apague. O profesor deixará o móbil debidamente identificado nunha taquilla que se habilitará para tal efecto e non se devolverá ata que a familia veña solicitalo. Se un alumno se nega a facelo, será enviado a Xefatura de Estudos quen informará á familia sobre o feito e, no caso de persistir na súa actitude, será privado do seu dereito de asistencia ao centro.
30. Está prohibido fotografar ou gravar a calquera membro da Comunidade Educativa dentro do recinto escolar así como a súa posterior difusión nas redes sociais sen autorización expresa do profesorado.
31. En caso de extravío ou deterioro de smartphones, tablets ou similares, o Colexio non se fará responsable.

**Tabaco. Alcol. Outras drogas**

32. Debido á importancia destes aspectos a posesión, uso ou consumo destas substancias considerárase, en calquera caso, como conduta gravemente contraria á convivencia do centro xa que son consideradas actividades contra a saúde. Isto sen prexuízo doutras consecuencias derivadas da lexislación específica para quen posúa estas substancias.

**Respecto, violencia, pelexas. Agresións físicas ou morais. malos tratos, acoso.**

33. O respecto polos demais implica evitar calquera acción que menoscabe os seus dereitos. Evitamos calquera forma de agresión verbal, física, psicolóxica ou moral. Quedan terminantemente prohibidos os enfrontamentos e as pelexas. Todos somos responsables de non participar activamente nestas prácticas, e ademais debemos colaborar na finalización destes episodios se se producen na nosa presenza.
34. Para obter o maior proveito das clases requírese atención, interese, estímulo, traballo e orde. Polo tanto non se permitirán condutas que interfiran ou prexudiquen o correcto desenvolvemento da clase. Tal é o caso das interrupcións ocasionadas voluntariamente, risas e menosprezos pola equivocación e/ou opinión dun compañeiro, reiterada falta de atención, facer caso omiso das indicacións do profesor/a,...
35. A observación e cumprimento destas normas de convivencia debe manterse fóra do recinto escolar, durante o desenvolvemento de actividades extraescolares ou complementarias.



## NOF (ADDENDA)

### NORMATIVA EDUCACIÓN ON LINE

- Para o desenvolvemento do ensino a distancia utilizaranse exclusivamente as canles establecidas polo centro: **Google meet** para videoconferencias e **Google classroom** como aula virtual.
- Para poder participar nas sesións lectivas que se desenvolverán de xeito virtual, **é necesaria a sinatura previa da familia no documento sobre protección de datos** achegado polo centro. En caso de **non ter asinadas as autorizacións** necesarias para a conexión ás videoconferencias, optarase polo **envío de tarefas a través de Google classroom**.
- Desde o primeiro día do curso, **todos os alumnos terán unha conta dentro do entorno “@maristasvigo”** que será utilizado exclusivamente polos alumnos e as súas familias para o correcto desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. **O uso incorrecto das mesmas implicará a súa retirada inmediata.**
- Durante o tempo de ensino virtual, **o alumno deberá ter sempre a cámara aberta**. A asistencia as sesións lectivas on line **é obrigatoria** e o profesor rexistrará as ausencias do alumnado. Neste sentido, **a presenza do alumno coa cámara pechada será rexistrada como unha ausencia á clase**.
- Coa finalidade de salvagardar a intimidade da comunidade escolar, durante as videoconferencias, **debe mantense un fondo neutro** (pared branca, ...) ou ben optarase por **difuminar o fondo cos recursos que ofrece Google meet**.
- En todo momento manteranse as **normas que rexen a docencia presencial en canto a solicitude da quenda para falar, respecto** polos profesores, compañeiros e o seu traballo. No transcurso das videoconferencias os alumnos permanecerán co micrófono pechado agás que o profesor lles indique o contrario. No caso de querer participar, deberán pedir quenda de palabra levantando a súa man ou solicitándoo a través do chat.
- Durante o transcurso das videoconferencias e **dependendo da idade do alumnado**, requirirase a **presenza ou supervisión dun adulto**. Isto non supón, en ningún caso, a posibilidade de que o adulto interaccione nin co profesor nin cos outros alumnos no decorrer da mesma respectando en todo momento as normas anteriormente mencionadas.
- Coa finalidade de axudalos a centrarse na clase e evitar interferencias externas á mesma, **é recomendable o uso de auriculares e micrófonos** para os alumnos dos últimos cursos de Educación Primaria (de 3º a 6º).
- **O emprego do chat** é exclusivamente para **notificar problemas de conectividade** (wifi, falta de audio ou vídeo...), **formular dúbidas ou preguntas ou pedir a quenda de palabra**. En ningún caso é un medio de conversa entre alumnos.
- **Unha vez que o profesor finalice a clase, todos os alumnos deben abandonar a videoconferencia** sen que sexa posible seguir conectados sen a presenza do profesor.
- **As tarefas a desenvolver presentaranse seguindo as indicacións do profesor**. Serán entregadas a través de **Google classroom** ou do correo corporativo.
- **Non está autorizada a grabación das clases** por parte de alumnos e familias.
- En base á **Lei de Protección de Datos**, no caso de que un profesor comparta cun alumno a grabación da clase, unha vez debidamente xustificada a súa ausencia, está prohibida a súa difusión por ningún medio (redes sociais, correo corporativo, ...).
- **Non se permite dar acceso a persoas alleas á clase que se imparte**. Este feito será sancionado segundo as Normas de Convivencia do centro.

- Durante a **realización de probas de avaliación, o alumnado ten a obriga de ter a cámara aberta e enfocar coa cámara a proba que estea realizando.**
- Desde o inicio do peche ou confinamento **comunicarase ás familias o horario das clases sendo da súa responsabilidade a súa supervisión** así como o **cumprimento** do mesmo por parte do alumno.

